

ANIMAI DESOLADOS

María do Cebreiro

Dende a primeira peza deste libro comprendemos que o seu autor coñece moi de perto a ambigüidade que sempre rodea o acto de dar. Non só porque a xenerosidade sexa a forma máis lexítima do egoísmo. Tamén porque as voces que escoitamos aquí saben que o máis importante nunca é a entrega, senón o mesmo feito de entregar. Mais se é certo que *o amor consiste en dar o que non temos*, que valor real pode ter iso que cremos estar dando? Arredor da dialéctica entre o inmaterial e o material, arredor daquilo que o antropólogo Marcel Mauss denominara a *economía do don*, estas dramáticas de Afonso Becerra falan das cousas que importan e das que moi a miúdo non sabemos falar. Falan da gratuidade do que damos, pero tamén do prezo de todo o que non damos.

O que o autor nos aprende vén de lonxe. Canda a súa voz -implícita- e a dos seus personaxes, aquí danse cita William Shakespeare e T.S. Eliot, Uxío Novoneyra e Gonzalo Navaza. Todo iso pode ter lugar en pouco espazo, pois a graza dos xéneros pequenos é que habitan nas fendas dos xéneros grandes. Sabemos que igual que nos poemas viven as voces, e non unicamente a voz, na literatura dramática tamén pode resoar a poesía. E como probablemente a poesía sexa o xénero máis indiferente á particularidade das linguas, o poeta é aquel escritor capaz de escribir en todas elas linguas, mesmo se descoñece a súa gramática. O galego e o inglés, o verso e a prosa, o que (aparentemente) se di e o que (aparentemente) se escoita, o que escoitamos e o que vemos, o que vemos e o que cremos ver: todo iso, e algo máis, cabe nas dramáticas de Afonso Becerra.

Por momentos o libro convida a pensar que a autor quería escribir poemas e, acaso por pudor, decidiu titularlos *dramáticas*. Pero como o máis importante na escrita é ese lugar informe no que calquera forma pode acontecer, se ollamos ben de cerca decatámonos de que en verdade este libro é unha asamblea. A medida que avanza -e a medida que o tempo da escritura retrocede- o autor vaise debuxando a si mesmo na paisaxe histórica dunha dramaturxia á que lle pide contas e onde ao

mesmo tempo aspira a se situar. Non nos pode estrañar que as dramáticas estean datadas, pois toda datación -como toda dedicatoria- remite ao lector a un tempo biográfico. Mais o decisivo non é o que esas marcas e pegadas do tempo nos din da realidade deste autor, senón o que estes textos dramáticos nos din acerca das posibilidades ou imposibilidades da súa actualización escénica. Que lles dirán estas dramáticas aos lectores futuros do tempo no que foron concibidas? Que nos din estes textos non representados das outras representacións existentes? Ao cabo, a pedra Rosetta di menos do pasado vencido para sempre que do tempo imperial no que foi descuberta.

No tránsito que corre entre o teatro breve de Samuel Beckett aos *dramolettes* de Thomas Bernhard, no espazo que describe a procura descarnada de Antonin Artaud e o distanciamento de Brecht, mais tamén na fenda que se abre entre a teoría da linguaxe de Wittgenstein e a poesía polifónica de Chus Pato, as dramáticas de Afonso Becerra culminan, como non podía ser doutro xeito, nun xuízo. Na última peza érguese a apoteose assemblearia da escena, ese lugar onde o teatro devén non tanto imaxe do mundo, como a posibilidade do mesmo acto de xulgar. A deliciosa ironía da acotación inicial da peza “O xuízo” anticipa unha violencia anticipada dende a primeira peza. Unha violencia que por sorte ou por desgracia as palabras nunca esconden.

Animais desolados, os homes e as mulleres tropeizamos porque temos consciencia de nós mesmos. Entre o pesimismo da intelixencia e o optimismo da vontade, ao longo do tempo da vida xogamos a construírnos a nós mesmos a través da linguaxe. Pensamos que a linguaxe nos axuda a entender e a entendernos, mais se cadra é tan fráxil e poderosa coma un berro de dor ou de pracer. Daquela non deberíamos concluír que todo acto de fala equivale a tecer con fíos de herba unha cabana no medio dun temporal? Quizais si, se non fose porque como lembrou Pascal, o vimbio que somos pode dobrarse unha e outra vez contra o vento do Universo sen chegar a romperse. Nesa amable resistencia é onde brillan, coma un relampo, estes pequenos dramas que un autor elixiu para falarnos do seu tempo e de si.